

Artigo primeiro. *Modificación do artigo 22.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.*

Modifícase o punto 2 do artigo 22 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, que quedará redactado do seguinte xeito:

«2. O procedemento de elaboración de proxectos de lei a que se refire o punto anterior, iníciase no ministerio ou ministerios competentes mediante a elaboración do correspondente anteproxecto, que irá acompañado pola memoria, os estudos ou informes sobre a súa necesidade e oportunidade, un informe sobre o impacto por razón de xénero das medidas que se establecen nel, así como por unha memoria económica que conteña a estimación do custo a que dará lugar.

En todo caso, os anteproxectos de lei deberán ser sometidos a informe da Secretaría Xeral Técnica.»

Artigo segundo. *Modificación do artigo 24.1.b) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.*

Engádese un segundo parágrafo no punto 1.b) do artigo 24 da Lei 50/1997, do Goberno, coa seguinte redacción:

«En todo caso, os regulamentos deberán ir acompañados dun informe sobre o impacto por razón de xénero das medidas que se establecen neles.»

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta lei.

Disposición derradeira única.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 13 de outubro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

18925 *REAL DECRETO 1275/2003, do 10 de outubro, relativo ós complementos alimenticios.* («BOE» 246, do 14-10-2003.)

Existe na Unión Europea un crecente número de produtos comercializados en calidade de alimentos que conteñen fontes concentradas de nutrientes e que se presentan coa finalidade de complementa-la inxestión de tales nutrientes na dieta normal.

En circunstancias normais, unha dieta adecuada e equilibrada proporciona tódolos nutrientes necesarios para o normal desenvolvemento e mantemento dun organismo san. Sen embargo, as investigacións realizadas demostran que esta situación ideal non se dá na práctica para tódolos nutrientes nin para tódolos grupos de poboación.

Por causa dos modos de vida ou por outras razóns, os consumidores poden decidir incrementa-la inxestión dalgúns nutrientes mediante complementos alimenticios.

Co obxecto de garantir un elevado nivel de protección dos consumidores e de facilitarlle-la elección, é necesario que os produtos comercializados non presenten perigo e as súas etiquetas sexan adecuadas e suficientes para facilitarlle a información ó consumidor.

Existe unha ampla gama de nutrientes e outros elementos que poden estar presentes nos complementos alimenticios, incluíndo, entre outros, as vitaminas, minerais, aminoácidos, ácidos graxos esenciais, fibra, diversas plantas e extractos de herbas.

Por outra parte, existe actualmente unha ampla gama de preparados vitamínicos e substancias minerais, que se están comercializando nalgúns Estados membros, ó abeiro da denominación de complementos alimenticios, que aínda non foron avaliados polo Comité Científico da Alimentación Humana e que, por conseguinte, non están incluídos nas listas positivas. Cómpre que estes preparados e substancias sexan presentados urxentemente á Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria para que esta os avalíe, tan pronto como as partes interesadas presenten os expedientes adecuados.

É esencial que as substancias químicas utilizadas como fontes de vitaminas e minerais na fabricación dos complementos alimenticios non só non presenten perigo, senón tamén que estean dispoñibles para o organismo. En consecuencia, convén establecer normativamente unha lista positiva destas substancias. Na fabricación dos complementos alimenticios poden, así mesmo, empregarse as substancias que fosen aprobadas polo Comité Científico da Alimentación Humana sobre a base dos criterios mencionados para a súa utilización na fabricación de alimentos destinados a lactantes e a nenos de curta idade, e outros alimentos para usos nutricionais particulares.

Neste real decreto establécense as normas específicas para as vitaminas e os minerais utilizados como ingredientes nos complementos alimenticios.

Nunha fase posterior, sempre que se dispoña de datos científicos adecuados e non fosen regulados no ámbito da Unión Europea, poderán adoptarse normas específicas relativas ós restantes nutrientes ou outras substancias cun efecto nutricional ou fisiolóxico utilizadas como ingredientes nos complementos alimenticios.

Tendo en conta que os consumidores poden decidir complementa-la súa inxestión de nutrientes mediante o consumo destes produtos, e considerando que unha inxestión excesiva e continuada destes pode ter efectos prexudiciais para a saúde, cómpre fixar uns niveis máximos que permitan garantir que a utilización normal destes produtos, de acordo coas instrucións de uso dadas polo fabricante, non presenta perigo para os consumidores.

En tanto en canto na Unión Europea non se fixen niveis máximos de nutrientes ou outras substancias con efecto nutricional ou fisiolóxico, para efectos dos complementos alimenticios, teranse en conta os informes do Comité Científico da Alimentación Humana e dos organismos internacionais de recoñecida solvencia científica.

Tamén, para garantir que estes produtos permitan conseguilo propósito de complementa-la inxestión destas vitaminas e minerais na dieta habitual, o contido de tales substancias deberá encontrarse en cantidades significativas.

Para facilitar un mellor control destes produtos ante un posible risco de que se produzan efectos adversos non previsibles no momento actual de acordo cos coñecementos científicos, deberase notifica-la súa posta no mercado nacional.

A regulación deste tipo de produtos varía duns Estados membros a outros. Estas diferencias de catalogación na Unión Europea teñen dado lugar a problemas na súa libre circulación; por iso o Parlamento Europeo e o Consello adoptaron a Directiva 2002/46/CE, do 10 de xuño de 2002, relativa ós complementos alimenticios, a cal se incorpora ó ordenamento xurídico interno mediante este real decreto.

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, e de acordo co establecido nos artigos 38, 40.2 e 40.4 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas, así como os sectores afectados, e emitiu o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Consumo e do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de outubro de 2003,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto establece os requisitos de composición e etiquetaxe aplicables ós complementos alimenticios que se comercializan en calidade de produtos alimenticios e presentados como tales. Estes produtos entregaránse ó consumidor final unicamente preenvasados.

2. Este real decreto aplicarase ás empresas de produción, transformación, envasado, almacenamento, distribución, importación e comercialización dos produtos definidos no punto 1.

3. Este real decreto non se aplicará:

a) Ós alimentos de consumo ordinario, que se axustarán ó establecido nas correspondentes regulamentacións técnico-sanitarias ou normas de calidade.

b) Ós preparados alimenticios destinados a unha alimentación especial regulados polo Real decreto 2685/1976, do 16 de outubro, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de preparados alimenticios para réximes dietéticos e/ou especiais, e as súas modificacións posteriores, así como os produtos dietéticos recollidos no seu anexo e que están regulados por normativas específicas.

c) Ós produtos medicinais regulados pola Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, así como as distintas normas que regulan os ditos produtos.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

a) Complementos alimenticios: os produtos alimenticios que teñan como fin complementa-la dieta normal e consistentes en fontes concentradas de nutrientes ou doutras substancias que teñan un efecto nutricional ou fisiolóxico, en forma simple ou combinada, comercializados de forma que permitan unha dosificación determinada do produto e que deben tomarse en pequenas cantidades unitarias.

b) Nutrientes: vitaminas e minerais.

Artigo 3. *Ingredientes e criterios de pureza.*

1. No que respecta a vitaminas e minerais, só se poderán utilizar na fabricación dos complementos ali-

menticios as vitaminas e minerais recollidos no anexo I e nas formas enumeradas no anexo II.

2. Respecto das substancias enumeradas no anexo II, aplicaranse os criterios de pureza que establece a lexislación comunitaria para a súa utilización na fabricación de produtos alimenticios con fins distintos dos previstos neste real decreto.

3. Respecto das substancias enumeradas no anexo II, para as que a lexislación comunitaria non especifique criterios de pureza, e mentres non se adopten tales especificacións, aplicaranse os criterios recoñecidos pola normativa española se son máis estrictos que os recomendados por organismos internacionais e, en caso contrario, aplicaranse estes últimos.

4. As substancias aromáticas utilizadas na elaboración destes produtos cumpriran o establecido no Real decreto 1477/1990, do 2 de novembro, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria de aromas que se utilizan nos produtos alimenticios e dos materiais de base para a súa produción.

5. Na elaboración dos produtos incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto, unicamente poderán utilizarse aqueles aditivos que expresamente se autoricen mediante as disposicións reguladoras das súas distintas categorías e as súas condicións de utilización para os distintos produtos alimenticios nelas comprendidos.

Artigo 4. *Presentación dos produtos ó consumidor final.*

Os produtos a que se refire esta disposición poderanse comercializar baixo as seguintes formas: cápsulas, comprimidos, pastillas, pímulas e draxeas, gránulos, selos, sobres, ampolas bebibles, frascos contagotas e outras formas similares de líquidos e pos, sempre que permitan unha dosificación determinada do produto. Non se permite a venda a granel nin a súa venda fraccionada.

Artigo 5. *Condicións das industrias.*

Dadas as características e formas de presentación destes produtos, as industrias elaboradoras e envasadoras deberán cumprilo disposto no Real decreto 2207/1995, do 28 de novembro, sobre normas de hixiene relativas ós produtos alimenticios.

Artigo 6. *Etiquetaxe, presentación e publicidade.*

1. A etiquetaxe, a presentación e a publicidade dos produtos regulados por esta norma deberán cumprilo disposto no Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios.

2. Para efectos da aplicación do punto 1 do artigo 6 do Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, a denominación con que se comercialicen os produtos incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto deberá ser «complemento alimenticio».

3. A etiquetaxe, a presentación e a publicidade dos complementos alimenticios non incluírán ningunha afirmación que declare ou suxira que unha dieta equilibrada e variada non fornece as cantidades adecuadas de nutrientes en xeral.

4. A etiquetaxe, a presentación e a publicidade non atribuirán ós complementos alimenticios a propiedade de previr, tratar ou curar unha enfermidade humana, nin se referirán en absoluto ás ditas propiedades.

5. Sen prexuízo do disposto no Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, na etiquetaxe figurarán obrigatoriamente os seguintes datos:

a) A denominación das categorías de nutrientes ou substancias que caractericen o produto ou unha indi-

cación relativa á natureza dos ditos nutrientes ou substancias.

b) A dose do produto recomendada para consumo diario.

c) A advertencia de non supera-la dose diaria expresamente recomendada.

d) A afirmación expresa de que os complementos alimenticios non deben utilizarse como substituto dunha dieta equilibrada.

e) A indicación de que o produto se debe manter fóra do alcance dos nenos.

Artigo 7. *Etiquetaxe específica.*

1. A cantidade de nutrientes ou de substancias cun efecto nutricional ou fisiolóxico contida no produto declararase na etiqueta de forma numérica. Para as vitaminas e minerais utilizaranse as unidades indicadas no anexo I.

2. As cantidades declaradas de nutrientes ou doutras substancias serán as recomendadas polo fabricante na etiqueta para o consumo diario, por dose do produto.

3. A información sobre os nutrientes que conteñan os produtos regulados por esta norma expresarase ademais en porcentaxe dos valores de referencia mencionados no anexo III.

4. A porcentaxe dos valores de referencia para os nutrientes mencionados poderá así mesmo figurar en forma gráfica.

Artigo 8. *Valores medios.*

Os valores declarados mencionados nos puntos 1 e 2 do artigo 7 serán valores medios baseados na análise do produto por parte do fabricante.

Artigo 9. *Rexistros administrativos.*

As empresas responsables da produción, transformación, envasado, almacenamento, distribución, importación e comercialización dos produtos regulados por este real decreto deberán inscribirse no Rexistro Xeral Sanitario de Alimentos, regulado polo Real decreto 1712/1991, do 29 de novembro, sobre rexistro xeral sanitario de alimentos.

Artigo 10. *Información sobre comercialización dos produtos.*

1. Para facilita-lo control eficaz dos complementos alimenticios, o responsable da comercialización en España do produto deberá notifica-la súa posta no mercado nacional ás autoridades competentes, enviándolles un exemplar da etiqueta do produto con carácter previo ou simultáneo á primeira posta no mercado.

A dita notificación obrigatoria deberá ser realizada polo fabricante ou o responsable da primeira posta no mercado nacional, ou o importador, no caso de terceiros países.

2. Para efectos do disposto no punto anterior:

a) A notificación da posta no mercado nacional dos complementos alimenticios, de fabricación nacional ou procedentes de países pertencentes á Unión Europea, presentarse ante os órganos da comunidade autónoma competente por razón do domicilio social do fabricante ou do responsable da primeira posta no dito mercado. As comunidades autónomas comunicaranlle á Axencia Española de Seguridade Alimentaria as notificacións que reciban.

b) Presentaranse ante a Axencia Española de Seguridade Alimentaria, directamente ou a través dos ser-

vicios periféricos, as notificacións dos complementos alimenticios cando, mesmo procedendo de países pertencentes á Unión Europea, o responsable non teña establecido o seu domicilio social en España, ou cando procedan de terceiros países non pertencentes á Unión Europea.

c) A Axencia Española de Seguridade Alimentaria arbitrará os mecanismos necesarios que permitan o acceso polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ás notificacións de posta no mercado nacional dos complementos alimenticios que sexan recibidos pola citada axencia conforme o previsto nas alíneas a) e b).

Artigo 11. *Medidas cautelares.*

Se a Axencia Española de Seguridade Alimentaria, baseándose nunha motivación detallada pola existencia de novos datos ou dunha nova avaliación dos xa existentes, considera que o emprego dun complemento alimenticio pon en perigo a saúde humana, malia axustarse ás disposicións en cuestión, poderá suspender ou limitar provisionalmente a aplicación das ditas disposicións dentro do territorio nacional, e informará diso inmediatamente a Comisión Europea e os demais Estados membros, especificando os motivos que xustifiquen a súa decisión.

Artigo 12. *Réxime sancionador.*

Sen prexuízo doutra normativa que puidese resultar de aplicación, as infraccións cometidas contra o establecido neste real decreto serán obxecto de sanción administrativa, logo de instrucción do oportuno procedemento administrativo, de acordo co previsto no capítulo VI do título I da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria.

Disposición adicional primeira. *Regulación administrativa dos produtos comercializados.*

As empresas responsables daqueles produtos que, no momento da entrada en vigor desta disposición, se estean comercializando ó abeiro doutras normativas e que pretendan continua-la dita comercialización dentro do ámbito deste real decreto, deberán comunicalo á autoridade competente, nos termos previstos no artigo 10.

Disposición adicional segunda. *Cantidade diaria recomendada.*

Para efectos desta normativa, enténdese por cantidade diaria recomendada (CDR) a cantidade dun nutriente que unha persoa sa debe inxerir por termo medio cada día, a través da dieta, para manter un bo estado de saúde.

Mentres a Comisión Europea non fixe valores concretos para os niveis máximos e mínimos de nutrientes contidos nos complementos alimenticios, para efectos deste real decreto considerárase cantidade diaria recomendada (CDR) a fixada no anexo do Real decreto 930/1992, do 17 de xullo, polo que se aproba a Norma de etiquetaxe sobre propiedades nutritivas dos produtos alimenticios, e recollida no anexo III deste real decreto.

Para os produtos que conteñan os nutrientes enumerados no anexo I deste real decreto, sós ou en combinación, o contido destes será tal que a inxestión diaria recomendada polo fabricante na etiquetaxe non forneza unha cantidade inferior ó 15 por cento nin superior ó 100 por cento das CDR.

Disposición adicional terceira. Réxime sancionador específico.

Considérase falta grave o incumprimento do disposto nas alíneas b), c) e d) do artigo 4.1, así como na alínea a) deste artigo 4.1 cando leve consigo un risco para a saúde pública, do Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, en virtude do establecido no artigo 35.B).1.º da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade. Así mesmo, en virtude da mesma previsión legal, considérase falta grave o incumprimento do previsto nos puntos 3, 4 e 5 do artigo 6, e a omisión da notificación prevista no artigo 10 deste real decreto.

Disposición transitoria primeira. Prazo de comercialización.

Os produtos alimenticios a que se refire este real decreto que non se axusten ó nel establecido, pero que cumpran o disposto na normativa vixente na data de entrada en vigor, poderán ser comercializados ata o 31 de xullo de 2005.

Disposición transitoria segunda. Prórroga de comercialización.

Ata o 31 de decembro de 2009, poderase permitilo uso de vitaminas e minerais non enumerados no anexo I, ou nas formas non enumeradas no anexo II, sempre que se cumpran as dúas condicións seguintes:

a) Que a substancia de que se trate se utilice nun ou máis complementos alimenticios comercializados na Unión Europea antes do 12 de xullo de 2002.

b) Que a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria non emitise ningún dictame negativo respecto do uso da dita substancia ou do seu uso na dita forma, na fabricación de complementos alimenticios, sobre a base dun expediente de apoio do uso da substancia de que se trate, e que o Estado membro correspondente deberá presentar á Comisión como moi tarde o 12 de xullo de 2005.

Disposición derradeira primeira. Restriccións de comercialización.

De acordo co disposto no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, seguiranse aplicando as restricións nacionais ou prohibicións vixentes en materia de complementos alimenticios que conteñan nutrientes non incluídos na lista do anexo I ou nas formas non incluídas no anexo II.

Disposición derradeira segunda. Título competencial.

O disposto neste real decreto, que será de aplicación en todo o territorio nacional, dítase ó abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución española e en virtude do disposto nos artigos 38, 40.2 e 40.4 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Disposición derradeira terceira. Facultade de desenvolvemento.

Facúltanse os ministros de Sanidade e Consumo e de Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptaren conxuntamente as medidas necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto e, en especial,

para modificaren ou actualizaren os seus anexos para adecualos á normativa comunitaria ou para incluír nutrientes ou outras substancias que teñan un efecto nutricional ou fisiolóxico que non fosen reguladas no ámbito da Unión Europea.

Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de outubro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro da Presidencia,
JAVIER ARENAS BOCANEGRA

ANEXO I

Vitaminas e minerais que poden utilizarse na fabricación de complementos alimenticios

1. Vitaminas:

Vitamina A (µg RE).
Vitamina D (µg).
Vitamina E (mg α-TE).
Vitamina K (µg).
Vitamina C (mg).
Vitamina B₁ (mg).
Vitamina B₂ (mg).
Niacina (mg NE).
Vitamina B₆ (mg).
Ácido fólico (µg).
Vitamina B₁₂ (µg).
Biotina (µg).
Ácido pantoténico (mg).

2. Minerais:

Sodio (mg).
Cloro (mg).
Potasio (mg).
Calcio (mg).
Fósforo (mg).
Magnesio (mg).
Ferro (mg).
Zinc (mg).
Manganeso (mg).
Cobre (µg).
Iodo (µg).
Selenio (µg).
Molibdeno (µg).
Cromo (µg).
Fluor (mg).

ANEXO II

Substancias vitamínicas e sales minerais que poden utilizarse na fabricación de complementos alimenticios

A. Substancias vitamínicas

1. Vitamina A:

a) Retinol.
b) Acetato de retinilo.
c) Palmitato de retinilo.
d) Beta-caroteno.

2. Vitamina D:

a) Colecalciferol.
b) Ergocalciferol.

3. Vitamina E:
 a) D-alfa tocoferol.
 b) DL-alfa tocoferol.
 c) Acetato de D-alfa tocoferilo.
 d) Acetato de DL-alfa tocoferilo.
 e) Succinato ácido de D-alfa tocoferilo.

4. Vitamina K:
 Filoquinona (fitomenadiona).

5. Vitamina C:
 a) Ácido L-ascórbico.
 b) L-ascorbato de sodio.
 c) L-ascorbato cálcico.
 d) L-ascorbato potásico.
 e) 6-palmitato de L-ascorbilo.

6. Vitamina B₁:
 a) Clorhidrato de tiamina.
 b) Mononitrato de tiamina.

7. Vitamina B₂:
 a) Riboflavina.
 b) Riboflavina-5'-fosfato sódico.

8. Niacina:
 a) Ácido nicotínico.
 b) Nicotinamida.

9. Vitamina B₆:
 a) Piridoxina clorhidrato.
 b) Piridoxina 5-fosfato.

10. Ácido fólico:
 Ácido teroilmonoglutámico.

11. Vitamina B₁₂:
 a) Cianocobalamina.
 b) Hidroxicobalamina.

12. Biotina:
 D-biotina.

13. Ácido pantoténico:
 a) D-pantotenato cálcico.
 b) D-pantotenato sódico.
 c) Dexpantenol.

B. Sales minerais

Bicarbonato sódico.
 Carbonato sódico.
 Cloruro de sodio.
 Citrato de sodio.
 Gluconato sódico.
 Lactato sódico.
 Hidróxido sódico.
 Sales sódicos do ácido ortofosfórico.
 Bicarbonato de potasio.
 Carbonato potásico.
 Cloruro potásico.
 Citrato de potasio.
 Gluconato potásico.
 Glicerofosfato de potasio.
 Lactato potásico.
 Hidróxido de potasio.
 Sales potásicos de ácido ortofosfórico.
 Carbonato cálcico.
 Cloruro cálcico.
 Sales cálcicos de ácido cítrico.

Gluconato cálcico.
 Glicerofosfato de calcio.
 Lactato cálcico.
 Sales cálcicos de ácido ortofosfórico.
 Hidróxido cálcico.
 Óxido de calcio.
 Acetato de magnesio.
 Carbonato magnésico.
 Cloruro magnésico.
 Sal magnésico de ácido cítrico.
 Gluconato de magnesio.
 Glicerofosfato de magnesio.
 Sal magnésico de ácido ortofosfórico.
 Lactato de magnesio.
 Hidróxido de magnesio.
 Óxido magnésico.
 Sulfato magnésico.
 Carbonato ferroso.
 Citrato ferroso.
 Citrato férrico de amonio.
 Gluconato ferroso.
 Fumarato ferroso.
 Difosfato férrico de sodio.
 Lactato ferroso.
 Sulfato ferroso.
 Difosfato férrico (pirofosfato férrico).
 Sacarato férrico.
 Ferro atómico (carbonilo + electrolítico + hidróxeno reducido).
 Acetato de zinc.
 Cloruro de zinc.
 Citrato de zinc.
 Gluconato de zinc.
 Lactato de zinc.
 Óxido de zinc.
 Carbonato de zinc.
 Sulfato de zinc.
 Carbonato de manganeso.
 Cloruro de manganeso.
 Citrato de manganeso.
 Gluconato de manganeso.
 Glicerofosfato de manganeso.
 Sulfato de manganeso.
 Carbonato cúprico.
 Citrato cúprico.
 Gluconato cúprico.
 Sulfato cúprico.
 Complexo cobre-lisina.
 Ioduro de sodio.
 Iodato de sodio.
 Ioduro potásico.
 Iodato potásico.
 Seleniato sódico.
 Selenito ácido de sodio.
 Selenito sódico.
 Molibdato amónico [molibdeno (VI)].
 Molibdato sódico [molibdeno (VI)].
 Cloruro de cromo (III).
 Sulfato de cromo (III).
 Fluoruro de potasio.
 Fluoruro de sodio.

ANEXO III

Para efectos deste real decreto, as cantidades diarias recomendadas (CDR) de nutrientes son as seguintes:

1. Vitaminas	
Vitamina A (Retinol) µg	800
Vitamina D (Ergocalciferol ou colecalciferol) µg.	5
Vitamina E (Tocoferol) mg	10
Vitamina K (µg)	por fixar
Vitamina C (Ácido ascórbico) mg	60

Vitamina B ₁ (Tiamina) mg	1,4
Vitamina B ₂ (Rivoflavina) mg	1,6
Vitamina B ₃ (Niacina) mg	18
Vitamina B ₆ (Piridoxina ou piridoxal ou piri- doxamina) mg	2
Vitamina B ₉ (Ácido fólico ou folatos) µg	200
Vitamina B ₁₂ (Cianocobalamina) µg	1
Biotina mg	0,15
Ácido pantoténico mg	6
2. Minerais	
Sodio mg	por fixar
Cloro µg	por fixar
Potasio mg	por fixar
Calcio mg	800
Fósforo mg	800
Magnesio mg	300
Ferro mg	14
Zinc mg	15
Manganeso mg	por fixar
Cobre µg	por fixar
Iodo µg	150
Selenio µg	por fixar
Molibdeno µg	por fixar
Cromo µg	por fixar
Fluor mg	por fixar

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

19281 *ORDE TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no Sistema da Seguridade Social. («BOE» 250, do 18-10-2003.)*

Ó abeiro do previsto no número 2 do artigo 125 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, a Orde do 18 de xullo de 1991 do entón Ministerio de Traballo e Seguridade Social regulou o convenio especial no Sistema da Seguridade Social, que contén no capítulo I as normas xerais e no capítulo II as relativas a determinados supostos especiais.

Sen embargo, existían xa ou dictáronse posteriormente disposicións de distinto rango que en función do artigo 97.2.l) da propia Lei xeral da Seguridade Social instrumentaron, mediante o instituto do convenio especial, a inclusión en diversos réximes do sistema, como asimilados a traballadores por conta allea, de distintos colectivos para os que, por razón da súa actividade, así o determinou o Goberno mediante real decreto por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais.

Todo isto orixinou unha nova dispersión normativa na regulación das distintas modalidades de convenios especiais, dispersión que debe ser superada reconducíndoa a un texto unitario que recolla tódalas diversas modalidades existentes na actualidade.

Por outro lado, resulta, así mesmo, necesario clarear e actualizar as actuais previsións legais en parte superadas por posteriores normas de distinto rango que inciden na súa regulación, considerándose oportuno, dadas as novas figuras contractuais no ámbito substantivo laboral e os colectivos incluídos no sistema, para que estes non resulten prexudicados na súa carreira de previsión, que o convenio especial sexa instituto xurídico válido non

soamente para a conservación, senón tamén, cando así se estableza en norma de rango suficiente, para a iniciación de situacións de alta ou asimiladas á de alta no réxime da Seguridade Social que corresponda en razón da actividade que o traballador ou asimilado desenvolva ou que desenvolvese.

Noutros casos resulta necesario tamén dar debido cumprimento a esixencias legais, como no convenio especial de empresas e traballadores suxeitos a expediente de regulación de emprego que inclúan traballadores de 55 ou máis anos e o réxime xurídico xeral dos cales se establece na disposición adicional trixésima primeira da Lei xeral da Seguridade Social, agregada polo artigo 7 do Real decreto lei 16/2001, do 27 de decembro, primeiro, e da Lei 35/2002, do 12 de xullo, despois, ambos de medidas para o establecemento dun sistema de xubilación gradual e flexible.

En fin, a conveniencia e o servizo ós cidadáns fan necesario facilita-la subscrición de convenios especiais tanto canto ó prazo para solicitálos como canto ós requisitos esixibles para subscribílos.

A tales finalidades de refundir, cando menos formalmente, nun texto normativo único co rango de orde ministerial as diversas disposicións deste rango reguladoras dos convenios especiais na actualidade, así como ás de completa-las lagoas existentes na regulación de certos tipos de convenios especiais e posibilita-la subscrición de convenio especial para determinadas situacións e colectivos ós que lles estaba vedado de acordo coa normativa vixente, responde fundamentalmente a presente orde.

Na súa virtude, este ministerio, en uso das atribucións que ten conferidas, coa aprobación previa do Ministerio de Administracións Públicas, tivo a ben dispor:

CAPÍTULO I

Regulación xeral

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓN COMÚNS

Artigo 1. *Finalidade e obxecto xerais.*

1. A subscrición de convenio especial coa Seguridade Social nos seus diferentes tipos determinará a iniciación ou a continuación da situación de alta ou asimilada á de alta no réxime da Seguridade Social que corresponda en razón da actividade que o traballador ou asimilado desenvolva ou desenvolvese con anterioridade á subscrición do convenio nos termos que se establecen nesta orde e demais disposicións complementarias.

2. O convenio especial coa Seguridade Social terá como obxecto a cotización ó réxime no ámbito da cal se subscriba o convenio e a cobertura das situacións derivadas de continxencias comúns mediante o outorgamento das prestacións a que se estenda a acción protectora do dito réxime da Seguridade Social por tales continxencias, da que así mesmo quedan excluídas, salvo nos supostos en que outra cosa resulte do disposto no capítulo II desta orde, as situacións de incapacidade temporal, maternidade e risco durante o embarazo e os subsidios correspondentes a elas. Así mesmo quedarán excluídas do convenio especial a cotización e a protección por desemprego, fondo de garantía salarial e formación profesional.

Artigo 2. *Subscritores do convenio especial.*

1. O convenio especial coa Seguridade Social subscribírase coa Tesourería Xeral da Seguridade Social a través dos órganos competentes para o efecto, de acordo